

Departamento de Artes plásticas

Criterios de cualificación e recuperación da materia Expresión artística de 4º ESO

Criterios de cualificación

Para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da materia, tomaranse como referentes os criterios de avaliación.

CUALIFICACIÓN NAS AVALIACIÓN PARCIAIS

- Cualificación en cada avaliación: será a media aritmética das cualificacións obtidas nos Criterios de Avaliación empregados nesa avaliación. A cualificación será arredondada á cifra enteira máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

CUALIFICACIÓN NA AVALIACIÓN FINAL

- Cualificación final: a cualificación numérica será a media aritmética das cualificacións obtidas nos Criterios de Avaliación durante todo o curso. A cualificación será arredondada á cifra enteira máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

Se un Criterio de Avaliación é empregado en varias ocasións, tomarase a cualificación media do criterio, independentemente do número de veces que sexa empregado. No deseño das situacións de aprendizaxe, o profesorado procurará realizar unha repartición equilibrada dos Criterios de Avaliación.

Criterios de recuperación

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo.

Cando se detecte que unha alumna ou un alumno non acadada o grao de desempeño suficiente previsto nun Criterio de Avaliación, para acadalo, realizará tarefas ou probas de recuperación, asociadas a ese Criterio.

Se unha alumna ou un alumno non recibe cualificación positiva nunha avaliación, para recuperala debe traballar nos Criterios de Avaliación nos que non acadara un desempeño suficiente. O profesorado indicarlle que tarefas debe facer para superar eses Criterios.

As actividades de recuperación poderán ser de dous tipos:

-Repetición dos instrumentos de avaliación asociados ao Criterio non superado. Por exemplo, repetir un traballo suspenso.

-Probas escritas sobre o conxunto dos Criterios de Avaliación que deben superarse.